


O CASO DE FOLGOSO DO COUREL

María García*

O pasado mes de marzo ADEGA concluíu o "Estudo das alternativas profesionais vinculadas á protección e posta en valor dos recursos naturais en Folgoso do Courel", financiado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellaría de Traballo. O obxectivo: proboñer medidas creadoras de emprego que melloren o estado de conservación das áreas protexidas e supoñan un beneficio real para poboación local. O estudo foi presentado diante da anterior Consellaría de Traballo e será posto en coñecemento da actual.

María García



A canteira da Campa acarrea cambios irreparábeis na paisaxe.

Dende ADEGA opinamos que o xeito máis eficaz de implicar á veciñanza na xestión dun espazo protexido é que este lle supoña unha clara vantaxe: novas oportunidades de emprego, de mellora nos servizos ou, en definitiva, de mellora da súa calidade e expectativas de vida. Aos nosos ollos, atender aos habitantes dos espazos protexidos é ademais unha cuestión de xustiza: os espazos de maior valor ecolóxico adoitan coincidir con áreas en grave declive socioeconómico. Se a sociedade quere gozar destes enclaves, debe axudar a conservalos.

O caso da Serra do Courel é paradigmático. Unha das áreas do país con maior biodiversidade, que alberga un patrimonio natural e cultural emblemático para moitos galegos e galegas, esmorece polo abandono das administracións. Alí sucedéronse estudos e plans que consideraban a conservación e posta en valor do patrimonio coma un dos principais eixes de desenvolvemento, mais case nunca chegaron a materializarse. Chegados a este punto, no que a perda de poboación no Courel ameaza a supervivencia da comunidade, ADEGA súmase ao chamamento realizado xa tantas veces dende a veciñanza: cómpre actuar xa, con medidas, orzamentos e calendarios concretos.

As nosas propostas están dirixidas á Consellería de Traballo cun dobre obxectivo: para atender a situación concreta do Courel ante a anunciada declaración do Parque Natural, que incomprendiblemente aínda non se materializou; e por outro lado, para que Traballo se interese pola xestión deste e outros espazos protexidos, considerando que pode desenvolver un papel clave na aceptación dos espazos protexidos pola poboación local.

A REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS: MOITO CAMIÑO POR ANDAR

Malia a riqueza e diversidade ecolóxica do noso territorio, Galiza contaba en 2007 cun 11,9% da súa superficie terrestre baixo algunha categoría de protección, cifra moi inferior ao 42,6% das Illas Canarias, o 33,1% da Rioxa ou o 30,6% de Cataluña.

Deste 11,9% de territorio protexido, tan só o 12,46% tiña en 2007 aprobado o seu Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN), mentres que no Estado, o 64,23% dos espazos protexidos contan cun PORN, o cal indica importantes carencias na xestión de áreas protexidas galegas.

Os Parques Nacionais e Naturais contan normalmente con moitos máis recursos persoais e loxísticos que a Rede Natura 2000. Coa declaración de Parque Natural adoitan acometerse tarefas como a elaboración de estudos, o manexo do ecosistema, control e vixilancia, comunicación, ordenación do uso público, mantemento de infraestruturas e sendeiros, interpretación dos recursos biolóxicos, xeolóxicos e culturais, etc. Con todo, boa parte destas tarefas son asumidas por empresas de fóra do lugar. Son precisas accións formativas para capacitar á poboación local a que acceda a estes traballos.

O programa *Empregonatura* das anteriores Consellarías de Medio Ambiente e Traballo introducía a cuestión do emprego na Rede Natura ofrecendo contratos temporais ás persoas desempregadas. O reto consiste agora en profesionalizar, consolidar e ampliar eses traballos relacionados coa xestión deses espazos.

Os espazos protexidos, fundamentalmente os de grande resonancia coma os Parques, teñen tamén efectos positivos no desenvolvemento doutros sectores como son a artesanía, a elaboración de produtos típicos, as actividades agrogandeiras e forestais e a oferta turística da zona. Desta maneira contribúen ao desenvolvemento socioeconómico, a fixar poboación e a permitir o asentamento de novas e novos poboadores, tal e como amosan os datos da Fundación do Patrimonio Natural de Castela e León, onde os espazos protexidos frearon a perda de habitantes e aumentaron a taxa de actividade.

As políticas públicas poden fomentar a creación de emprego nos espazos protexidos, e así observamos a introdución da figura de Axente de Desenvolvemento, dos plans socioeconómicos e a cooperación entre diferentes consellerías para capacitar á poboación local a traballar no espazo; mellorar as infraestruturas e servizos que incrementen o atractivo da zona para novas posibilidades de negocio

(p.ex. o teletraballo); facilitar o asentamento de iniciativas emprendedoras a través de incentivos; manuais de boas prácticas, cursos de formación, etc.; ou reconverter as empresas locais para a prestación de servizos ao espazo protexido.

Algúns dos principais campos temáticos onde fornecer e fomentar o emprego nos espazos protexidos adoitan ser tamén puntos fortes nas estratexias dos Grupos de Desenvolvemento Rural, polo que se fai necesario coordinar e favorecer a participación das entidades do territorio, para complementar as accións e evitar duplicar esforzos. Os máis importantes son: Agroecoloxía e mantemento da paisaxe, revalorización de produtos típicos da zona, boas prácticas medioambientais nos diversos sectores, posta en valor do patrimonio e as ocupacións tradicionais, calidade e animación turística, emprendemento e cooperación, e novas tecnoloxías e innovación.

O COUREL PRECISA MEDIDAS URXENTES

O noso estudo focalízase en Folgoso do Courel. Desde 1986, a súa poboación reduciuse á metade, menos de 1.300 persoas das que a metade é maior de 60 anos. De seguir esta tendencia, non está garantido o relevo xeracional.

O debate coa poboación local, no que participaron arredor de 50 representantes locais das pedanías, comunidades de montes, empresas locais e asociacións, deunos as claves do problema. Segundo a veciñanza, no Courel as principais vías de ingresos parecen proceder da louseira e das pensións, sendo outro tipo de iniciativas económicas moi minoritarias. As obras nas principais vías de comunicación mantiveron case illado ao municipio durante meses. As condicións de traballo na louseira son ínfimas. Os servizos sanitarios son deficientes, faltan medios para atender a persoas dependentes. O colexio ameaza con pechar. O acceso ás telecomunicacións é moi precario. O subminist-

tro eléctrico e a liña telefónica fallan con frecuencia. A oferta cultural e de lecer é escasa. O transporte público é practicamente inexistente...

Folgoso do Courel ten comprometida a supervivencia da comunidade local a medio e longo prazo, carece de infraestruturas básicas, tamén para o asentamento de novos poboadores e iniciativas empresariais, está nunha situación periférica sen que lle sexan aplicadas medidas de discriminación positiva, os seus valores naturais e culturais están a sufrir un grave deterioro e as explotacións mineiras alí asentadas son incompatíbeis coa protección do territorio e co benestar da poboación. Por riba, existe pouca cultura cooperativa a nivel empresarial, escaso grado de integración da veciñanza na xestión do espazo protexido e carécese de medidas compensatorias polas restricións de uso impostas polo espazo protexido.

Pero, por outra banda, é un espazo dotado de diversidade e riqueza desde o punto de vista biolóxico, xeolóxico ou cultural, tanto a nivel nacional como internacional, e ofrece grandes posibilidades de valorización de recursos hoxe en día infrautilizados: superficie agraria e forestal, etnografía, vivendas, paisaxe, interese científico, etc. Terse erixido coma un territorio emblemático para a sociedade galega, icono dos espazos naturais galegos de maior valor, dota ao espazo dunha capacidade de atracción de novos e novas poboadores que poden dinamizar a actividade asociativa veciñal, cultural e ecoloxista centrada na recuperación do patrimonio e a divulgación dos valores do Courel.

Na realidade as administracións non invisten no lugar, agás para priorizar ao sector mineiro en detrimento doutras actividades creadoras de emprego e compatíbeis coa conservación do territorio, o que deriva no desemprego masivo en épocas de crise, ou na desaparición dos saberes tradicionais. Por outro lado, existe unha excesiva burocratización da xestión do espazo protexido, esixencias para a

certificación de produtos artesanais, e a ameaza constante dos incendios forestais.

CONCLUSIÓN DO ESTUDO: PROPOSTAS DE ACCIÓN Á CONSELLARÍA DE TRABALLO

a) As accións prioritarias na creación de emprego deben estar ligadas a:

- A oferta de servizos de primeira necesidade para a veciñanza desde a óptica do autoabastecemento e as actuacións de baixo impacto ambiental (recuperación das fábricas da luz para subministro eléctrico, illamento térmico das vivendas, depuración por humidal, composta-xe e técnicas de bioconstrución,...).
- A conservación e posta en valor do patrimonio natural e cultural, a través da capacitación da poboación en vixilancia, mantemento, traballos forestais, comunicación e educación ambiental, recuperación e divulgación do patrimonio, restauración de áreas degradadas e manexo da paisaxe a través do fomento da agricultura tradicional.

b) Os fondos públicos destinados ao sector da lousa deben empregarse exclusivamente na súa reconversión. Plans sectoriais coma o Plan Laxa ou *Empregonatura* poderían ser unha oportunidade para promover vías alternativas de emprego, se os traballadores e traballadoras reciben unha formación que os capacite a desenvolver oficios definidos anteriormente como "prioritarios", e se se aportan perspectivas de colocación duradeiras e condicións laborais dignas.

c) Cómpre adaptar os programas a diferentes perfís, tales como persoas desempregadas, traballadores/as en activo da industria louseira, traballadores/as doutros sectores que queiran reciclarse, persoas emprendedoras de dentro e de fóra do Courel ou empresas locais con posibilidades de adaptar

María García



A paisaxe humanizada e en mosaico é trazo característico do Courel.

María García



A montaña de Lugo é o límite occidental de distribución da faia.



A riqueza florística do Courel dota de calidade aos seus produtos, como ao mel.



A rolda de debate no Courel congregou a moi diversos colectivos.

o seu negocio aos requirimentos dun espazo protexido.

- d) As medidas deben contemplar accións de formación e posteriormente de colocación (nun primeiro momento a cargo da Administración), xa que na zona escasean as empresas que podan absorber a profesionais do sector ambiental, e a vía do autoemprego só pode abordarse cando os profesionais xa contan con experiencia no seu negocio.
- e) Débese apoiar máis as iniciativas incipientes de aproveitamento sostíbel dos recursos que xa están a xurdir entre a veciñanza local, como os diversos intentos para a posta en valor dos soutos, o silvopastoreo en Hórreos, ou a recuperación de sequeiros e outros elementos patrimoniais.
- f) Cómpre dotar de contido os organismos interadministrativos creados para coordinar as accións das diferentes administracións, con orzamentos definidos e calendarios de traballo, como son os Pactos Territoriais polo Emprego ou o Consello da Rede de Parques Naturais.

PROPOSTAS Á CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE

As propostas que ADEGA presenta á Consellaría de Traballo, en virtude deste estudo, están moi relacionadas coa declaración do Parque Natural da Serra do Courel. Neste senso é preciso:

- Que a necesaria declaración de Parque vaia acompañada dunha planificación e un orzamento para realizar as oportunas medidas de protección dos espazos e de achegamento á poboación local.
- Que se facilite a integración da poboación local no espazo, simplificando ao máximo a tramitación burocrática de permisos para actividades de baixo impacto, e instalando no Concello oficinas de información, asesoramento e tramitación de autorizacións.
- Que se establezan as oportunas medidas de compensación polas limitacións de uso, e que se adapten ás necesidades da veciñanza, introducindo por exemplo a figura do Axente de Desenvolvemento Socioeconómico do Parque.
- Que se informe aos propietarios das limitacións e compensacións que o Parque establece.
- Que se capacite á poboación para traballar e prestar servizos ao Parque.
- Que se evite o impacto ambiental de obras de magnitude dentro do espazo protexido (como os derrubes ao río da construción da estrada Folgoso-Quiroga por falta dun muro de contención).
- Que se promova, xunto co resto das Administracións, a reconversión do sector mineiro cara actividades económicas menos destrutivas e máis beneficiosas para a poboación, coma as anteriormente descritas.

* María García é membro de ADEGA e coautora do "Estudo das alternativas profesionais vinculadas á protección e posta en valor dos recursos naturais en Folgoso do Courel".

"QUEIXO DO XURÉS"
FEITO DE LEITE NATURAL DE CABRA
DE XEITO ARTESAN

Antonio Dacuña
Telf.: 605 08 00 15

pedidos@queixosdoxures.com
www.queixosdoxures.com